

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS BOLSAS DE PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS DAS ÁREAS DE DANZA E ARTES DO MOVIMENTO E DE TEATRO E INTERPRETACIÓN ESCÉNICA.

A Deputación provincial da Coruña por resolución da Presidencia 2024/8912 aproba as bases reguladoras das bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2024, que foron publicadas no BOP número 49 con data do 8 de marzo de 2024.

A base 4 das bases reguladoras destas bolsas dispón que

“A Deputación publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, xa que coa presentación da solicitude autorízase para o tratamento necesario dos datos das persoas solicitantes e para a súa publicación.

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas, as persoas interesadas poderán formular reclamacións por erros nas causas de exclusión das solicitudes non admitidas.

Transcorrido este prazo sen que as persoas interesadas formulen reclamacións, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela. No caso de que non se formulen alegacións, a resolución provisional considerase definitiva. No caso de que se formulen reclamacións, deberanse resolver expresamente na resolución definitiva de admitidos e excluídos.”

O anuncio estará exposto dende o 6 de xuño ata o 6 de xullo de 2024 ambos inclusive.

Se acompañan as resolucións da Presidencia que aproban a relación definitiva de admitidos e excluídos

A Coruña, 4 de xuño de 2024.

A xefa de Sección,
Manuela Muñiz Souto (asinado electrónicamente)